

ACORDO POLO QUE SE RESOLVEN AS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS, NO SEU CASO, FRONTE Á LISTA PROVISIONAL DE ADXUDICATARIOS/AS E DE ESPERA DUNHA VIVENDA DE PROTECCIÓN OFICIAL DE PROMOCIÓN PÚBLICA, CUALIFICADA EN NÚCLEO RURAL, SITUADA NO LUGAR DE BARRIO, NÚMERO 7, PARDERRUBIAS, CONCELLO DA MERCA (EXPEDIENTE OU-2008/NR-09); E APROBACIÓN DAS LISTAS DEFINITIVAS DE ADXUDICATARIOS E DE ESPERA.

Unha vez rematado o trámite de reclamacións á lista provisional de adxudicatarios/as e de espera de data 15 de xuño de 2011, sen que se houbera formulado ningunha e tendo en conta o procedemento establecido nos artigos 24º, 25º e 26º do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, a Comisión Provincial de Vivenda, por unanimidade dos seus membros presentes,

#### ACORDA

*1. Aprobar a lista definitiva de adxudicatarios e de espera ó abeiro do establecido no artigo 26 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro.*

#### *LISTADO DE ADXUDICATARIOS E DE ESPERA DEFINITIVA*

*Cupo: Xeral.*

*Nº de vivendas sorteadas nete cupo: 1*

*Lista de adxudicatarios/as definitivos/as*

*1→ Credencial 53779 – Lucía Gavilanes Touza*

*2. Publicar ditas listas na páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo e nos taboleiros de anuncios da Xefatura Territorial de Ourense e do Concello da Merca.*

*Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante a Comisión Provincial de Vivenda de Ourense no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde esa mesma data, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

Ourense, 5 de xullo de 2011

O presidente da Comisión Provincial de Vivenda

José Cesar Losada Álvarez